

" International Organic Trade Fair: Biofach 2010", Feira Internacional de Produtos Orgánicos. Tokyo (Xapón), 21 ao 23 de Setembro de 2010

As empresas galegas interesadas en participar na Feira Internacional de Produtos Orgánicos "Biofach 2010", que se desenvolverá en Tokio (Xapón), do 21 ao 23 de Setembro de 2010, poden solicitálo ao Igape. A selección dos participantes farase por orde cronolóxica de solicitude.

"Biofach 2010", é coñecida como a feira máis importante de Asia no sector de Produtos orgánicos e contará con máis de 180 expositores e máis de 15.000 visitantes.

O CPN do Igape en Tokio (xapon@igape.es) coordinará toda a información e participación nesta feira, e ocuparase de elaborar unha axenda de traballo para cada empresa galega participante que así o desexe.

BIOFACH 2010 (10 edición)

TOKYO BIG SIGHT: EAST HALL

Tokyo, Japón

21 – 23 de Setembro do 2010

Feira Internacional de Produtos Orgánicos

Data: 21-23 de Setembro 2010 (Martes-Xoves)

Periodicidade: anual

Lugar de celebración: Tokyo Big Sight (Tokio, Japón) Pabellón Este.

Horario da feira: 10:00 – 17:30 (10:00 – 17:00 o último día)

Número de expositores en 2009: 242 (242 compañías expositoras, 115 de orixe estranxeira)

Número de visitantes en 2009: 13.690

Espacio bruto de exposición: 21.380 m²

Organizador: Nürnberg Global Fairs

Artigos a expoñer:

- Alimentación: comida e bebida
 - Comida: materias primas e produtos semielaborados, froitas e verduras, cárnicos, produtos do mar, comida conxelada, delicatessen e comida para nenos
 - Bebida: viños, licores e bebidas sen alcohol
- Artigos de uso doméstico, deterxentes e produtos de limpeza
- Cosméticos e accesorios
- Produtos medicinais: esencias, extractos e remedios naturais
- Xoguetes e papel
- Artigos de marketing (envasado, decoración e marketing)
- Produtos agrícolas: sementes, pesticidas naturais, produtos para animais...
- Textil
- Servizos (asociacións, certificacións y controles, consultoría)

Tipo de Visitantes:

Maioristas (de alimentación e outros sectores), Importadores, Distribuidores (supermercados, tendas 24 horas, tendas especializadas en produtos orgánicos, restaurantes...) caterings, produtores de alimentación e consultorías de comercio, principalmente xaponeses e de rexións cercanas (China, Corea do Sur, Taiwan)

Perfil da feira:

A feira esta organizada polo organizador mais importante do mundo de produtos orgánicos. Xapón conta cun mercado orgánico que esta crecendo muy velozmente, con grandes oportunidades para os produtos importados. Xapón é o terceiro mercado consumidor máis grande de produtos orgánicos e naturais. Posto que o lazo persoal é a clave para o éxito en Xapón, BioFach Xapón é unha plataforma ideal para presentarse e expoñer os produtos.

Ademáis supón un marco excelente para o coñecemento do mercado dos produtos orgánicos, especialmente das novas tendencias e tecnoloxías. A gran variedade de produtos e tecnoloxía exposta permite ao profesional facerse unha idea obxectiva sobre o mercado de produtos orgánicos a nivel global, e sobre as ofertas e innovacións que este recibe por parte de unha gran variedade de países do mundo enteiro.

Os expositores organízanse por países e por asociacións ao tempo que se celebran unha serie de seminarios paralelos.

Concursos durante a Feira - Premios:

Cada ano, un xurado de expertos evalúa os produtos máis innovadores do mercado biolóxico. Este concurso desperta un forte interese entre a prensa e os visitantes. Para os compradores supón unha gran oportunidade para avaliar as novidades máis interesantes do sector e, no caso dado, pasar os pedidos necesarios. Xunto a todas aquelas novidades se presentarán tamén o stand de novidades dos produtos dos gañadores.

Consideracións sobre o Mercado Xaponés:

O mercado minorista xaponés é o segundo maior do mundo. En concreto, o sector alimentario alcanza unha facturación de 430 mil millóns de dólares USA, e un 60% deste segmento corresponde a produtos importados. En USA o mercado alimentario é de 580 mi millóns de dólares, en Alemani de 180 mi millóns de dólares e en Francia de 160 mil. Cómpre destacar ademais que en Xapón existe un gran número de cadeas alimentarias e relativamente poucas empresas dominantes en comparación coa realidade europea ou americana. Segundo o ranking mundial de supermercados en 2004 las principais cadeas xaponesas, Aeon e Ito Yodado, ocupaban os postos 15 e 20 respectivamente. As 5 principais cadeas xaponesas só teñen unha de mercado de aproximadamente do 10%, mentres que en Alemania, as 7 maiores cadeas copan o 90% do mercado; en Francia, as 5 maiores copan o 85%; no caso de EE.UU., as 5 grandes copan o 37% do mercado.

Por outra banda, en Xapón existen 1.700 cadeas distintas que suma nun total de 20.000 establecementos. Este gran número de cadeas presentes no mercado xaponés orixina unha forte competencia, que, recentemente foi acentuada pola entrada de multinacionais extranxeiras. Por esta razón, os supermercados e minoristas xaponeses en xeral vense avocados á necesidade de seleccionar os seus produtos fronte á competencia, polo que é frecuente que esixan valor engadido ao produto estranxeiro que desexa introducirse no mercado a través das entidades locais.

Plazo de solicitude: 1-9-2010

Número máximo de participantes: 5

Servicios ofrecidos por o IGAPE:

-Espazo expositivo: O IGAPE proporciona o espazo expositivo que será duns 54 m2; é dicir, cada compañía disporá duns 9 m2 onde poderán expoñer os seus produtos

-Elaboración de axendas comerciais: as empresas participantes poderán solicitar, se así é o caso, axendas comerciais ao CPN de Tokio. As reunións de traballo poderán ser celebradas no propio stand ou ben na área común preparada a tal efecto

-Degustación de produtos: as empresas poderán ademais ofrecer degustacións dos seus produtos nunha zona habilitada para ello

Proceso de selección de participantes: A selección realizarase por riguroso orde cronolóxico de solicitude. A solicitude será válida unha vez recibida no Igape, debidamente cuberta. O formulario de Inscripción atópase accesible no apartado de Feiras da páxina web do IGAPE (www.igape.es). Soamente serán admitidas as 5 primeiras empresas.

O CPN do IGAPE en Xapón coordinará toda a información e participación na feria.

Contacto:

Pedro J. Gallego

Director

CPN IGAPE JAPON

Yatsuka Bldg., 8th Floor

1-3-8, Higashi-Azabu, Minato-ku.

Tokyo 106-0044

JAPAN

Tel.: +81 3 3584.1861

Fax: +81 3 3584.1862

pgu@igape.es

www.igape.es